



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1098/2026	A Xunta de Goberno Local	20/04/2026

En calidade de secretario deste órgano, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 1098/2026. APROBACIÓN DAS BASES DO XXXIII PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE NOVELA CURTA

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

RESOLUCIÓN

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura, asinada o día 16-04-2026, co seguinte teor literal:

“Asunto: **Aprobación das Bases do XXXIII Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta**

Expediente: **1098/2026**

Baseándome no interese que representa a nivel social e cultural, co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e tradicionais do municipio.

Vista a proposta de Bases do XXXIII Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta asinadas pola Concelleira de Cultura en data 16.04.2026 e que se xuntan no Anexo.

Visto o informe favorable da intervención municipal núm. 2026-0225 de data 16.04.2026 respecto das mesmas.

Considerando a **lexislación básica aplicable:**

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local

Primeiro: Aprobar as Bases do XXXIII Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta.

Segundo: Publicar o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no taboleiro de edictos, na sede electrónica do Concello e polos medios habituais.”

ANEXO

XXXIII PREMIO MANUEL LUEIRO REY

DE NOVELA CURTA

O Concello do Grove convoca esta XXXIII edición do certame coa finalidade de honrar a memoria do escritor Manuel Lueiro Rey e, asemade, coadxuvar na promoción da escrita literaria en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, a través dun convenio con Edicións Xerais de Galicia.

Este premio de novela curta vaise rexer polas seguintes

BASES

Primeira. Poderá concorrer a este premio calquera persoa física, excepto as persoas gañadoras das catro últimas edicións (XXIX a XXXII), que presente o seu texto en lingua galega, conforme as normas ortográficas vixentes.

Segunda. Os textos presentados, ademais de seren inéditos e totalmente orixinais, non poderán ter sido publicados ou divulgados, en todo ou en parte, por calquera medio físico ou electrónico.

Os textos presentados terán unha extensión mínima de cincuenta (50) páxinas e unha extensión máxima de cen (100) páxinas, tamaño folio DIN A4, de dous mil cincocentos caracteres cada páxina, aproximadamente, escritos en letra Arial, tamaño doce (12), espazamento entre liñas de 1,5 (espazo e medio) e as follas deberán estar paxinadas.

Calquera obra presentada que non se axuste á extensión e formato de presentación poderá ser desestimada polo Xurado.

Terceira. De cada un dos textos concorrentes, presentaranse cinco copias en papel e unha en soporte dixital, nun documento de procesador de textos remitíndoas ao enderezo seguinte:

XXXIII Premio Manuel Lueiro Rey

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey





Rúa Monte da Vila, 11

36980 O Grove

Pontevedra

O prazo de inscrición estará aberto dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no BOPPO da provincia de Pontevedra ata o 15 de setembro de 2026, incluído.

Cuarta. Xunto co texto en papel e en soporte dixital, que será enviado sen que sexa recoñecible a autoría da escritora ou escritor e que irá precedido polo título e o lema escollidos, xuntarase un sobre pechado que leve escrito por fóra “XXXIII Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta”, o lema e mais o título e que no seu interior conteña o nome, apelidos e NIF, enderezos postal e electrónico, e os teléfonos de contacto da súa autora ou autor.

Quinta. O xurado, cuxos membros serán dados a coñecer antes da concesión do premio, estará composto por cinco especialistas en literatura. Un deles será a gañadora ou gañador da edición anterior do premio, tres serán nomeados polo Concello do Grove e o restante participará en representación de Edicións Xerais de Galicia. O premio único outorgarase por maioría simple de votos. Actuará como secretario/a do xurado, con voz e sen voto, un/ha técnico/a do concello. Tamén poderá estar presente durante a deliberación a concelleira delegada.

Sexta. Calquera incidencia ocasionada na interpretación destas bases será solucionada pola maioría simple dos membros do xurado. A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer antes de finais de decembro do ano 2026.

Sétima. O premio, que é indivisible, poderase declarar deserto, caso de o xurado así o estimar en decisión inapelable. Para tal circunstancia, de cinco votos posibles, terá que darse o caso de que unha obra non sume un mínimo de tres dos votos do xurado.

Oitava. A entrega do premio terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación.

Novena. Edicións Xerais de Galicia, segundo un convenio asinado co Concello do Grove e en calidade de entidade colaboradora, reservarase o dereito de publicación, sen limitación do número de exemplares da primeira edición nin das reimpresións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos preferentes de edición desta en lingua galega.

Décima. O premio está dotado con 3.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3321.48100 do orzamento de gastos do exercicio 2026.

A contía do premio considerarase unha entrega á alzada en concepto de adianto polos dereitos de autor e está suxeita á correspondente retención fiscal. A beneficiaria ou beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte (20) exemplares da obra publicada, que lle serán entregados pola editorial que publica a obra. Todo isto sen menoscabo do regulado pola Lei da propiedade intelectual vixente, que prevalecerá sobre o convenio mencionado.





A persoa beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ou ben autorizar ao concello para obter as certificacións da AEAT e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que se atope ao corrente da obrigas sinaladas.

Décimo primeira. Os orixinais non premiados poderanse recuperar, con cargo ás autoras e autores concorrentes, pasados quince días da data do veredicto. Os orixinais que non fosen retirados destruíranse pasados trinta días da emisión da decisión do xurado.

Base final. A participación neste premio significa a completa aceptación das presentes bases e mais das decisións do xurado que se designe.

Logo de someter a citada proposta á consideración da Xunta de Goberno Local, esta, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobala nos mesmos termos en que figura redactada e adoptar os acordos que nela se expresan.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese esta certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, coa excepción previsto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568 /1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: C2H2KXMYSTX5G7ZS2GJXLWRKJ
Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

